




Dar para recibir: manexo da vaca seca de alta produción

Este é o terceiro capítulo dunha serie de artigos breves, enmarcados dentro do refraneiro popular, cuxo obxectivo é reflexionar sobre o manexo integral do secado e a saúde do ubre na vaca de alta produción. Nesta entrega é a quenda do período de vaca seca, que se inicia xusto tras aplicar o secado e finaliza tres semanas antes da data prevista de parto, dando paso á fase de parto.

Carlos Carbonell, Laura Elvira
Servicio Técnico de Ruminantes MSD Animal Health

Nos capítulos anteriores explicamos que unha infección no ubre ao principio do secado pode repercutir gravemente na seguinte lactación. Por iso é polo que é crítico, para que as vacas continúen “sas” tras o parto, diminuír as posibilidades de entrada das bacterias ambientais no ubre. **Hai dous períodos de maior risco para as novas infeccións: ao principio do secado, durante a involución do ubre, e ao final, durante a calostroxénese (esquema 1).**

Esquema 1. Risco de novas infeccións intramamarias (IMM) durante as tres fases do período seco




Adaptado de Bradley & Green, 2004

▶ O CURRAL DE VACAS SECAS DEBERÍA OFRECERLLES O MÁXIMO BENESTAR AOS ANIMAIS, PARA DIMINUÍR O ESTRÉS E MANTER MOI LIMPO E SECO O LUGAR ONDE SE DEITAN AS VACAS

As vacas son máis susceptibles ás infeccións IMM ao comezo do seco porque os primeiros días despois de finalizar o muxido incrementase a presión intramamaria, o que provoca malestar e dor na vaca, así como unha dilatación e acurtamento da canle do teto, principal mecanismo de defensa, o que facilita a entrada de bacterias. A isto súmase que desaparece o efecto protector asociado ao arrastre de bacterias polo leite durante o muxido, e que o animal sofre estrés polo cambio de grupo e de alimentación.

Entón, pódese reducir o risco de novas infeccións ao comezo do período seco?



Pois, do mesmo xeito que noutros programas de prevención, podemos traballar en dous aspectos: primeiro, diminuíndo a exposición ás bacterias ambientais e, segundo, incrementando os mecanismos de defensa do hospedador, que neste caso é o sistema inmune da vaca. Por este motivo, **o curral de vacas secas debería ofrecerlles o máximo benestar aos animais, para diminuír o estres e manter moi limpo e seco o lugar onde se deitan as vacas.**

Pódense valorar de maneira obxectiva o manexo e a hixiene dun curral? Existen varios métodos de puntuación de limpeza centrados, non nas instalacións, que un día poden estar mellor que outro, senón na hixiene das vacas, como reflexo do manexo e a hixiene do curral no tempo. Os animais puntúanse estimando o nivel de sucidade e acumulo de esterco en diferentes zonas das vacas (táboa 1). ▶▶

2 Soluciones PREMIUM para el control celular

POWER BLUE MIX

HMVIR FILM +



SELLADOR MARCANTE DE DIÓXIDO



SELLADOR CON NUESTRA EXCLUSIVA MOLÉCULA LSA®

POTENTE ACCIÓN DESINFECTANTE

Fungicidas
Bactericidas
Viricidas

FUERTE EFECTO MARCANTE

Aplicación muy visible

REFORZADOS CON AGENTES COSMÉTICOS

Hidratación hasta el siguiente ordeño.

CONSUMO CONTROLADO

Viscosidad óptima Sin goteo

NO TE OLVIDES DE CUIDAR TU EQUIPO DE ORDEÑO



EL NUEVO NOMBRE PARA



KERSIA IBÉRICA, S.L. Tel: 948 32 45 32 | kersiaiberica@kersia-group.com www.kersia-group.com

▶ A VACA DE LEITE SEMPRE LLE DÁ PRIORIDADE AO DESCANSO. POR ISO É POLO QUE É TAN IMPORTANTE FACILITARLLE, NO ÚLTIMO TERZO DE XESTACIÓN, PERÍODOS DE REPOUSO MÁIS PROLONGADOS

Táboa 1. Clasificación e sistema de puntuación de hixiene das vacas

Puntuación e clasificación	1. Moi limpa Pouco ou nada de esterco	2. Limpas Pequenas salpicaduras	3. Sucias Placas de esterco con partes de pelo visibles	4. Moi sucias Cubierto de esterco
Flanco e zona alta extremidade				
Zona inferior das patas				
Ubre				

Adaptado de Schreiner & Ruegg., 2002


Os rabaños con puntuacións malas de hixiene incrementan a probabilidade de ter problemas de saúde de ubre. Así mesmo, cada unha das zonas pódenos indicar que pautas de manexo presentan marxe de mellora:

- **Zona inferior das patas:** algún sitio polo que camiñan as vacas está sucio e con demasiado esterco → revisar o manexo e mantemento de arrobadeiras, corredores estreitos, limpeza defectuosa de corredores á entrada ou saída da sala, baleirado de cama quente etc.
- **Flanco e ubre:** sucede cando o lugar onde se toman as vacas pode estar húmido ou sucio → pode indicar un incorrecto deseño de cubículos, enchido e manexo do material de cama insuficiente ou alta densidade de vacas na cama quente.


Nas gráficas 1 móstrase a puntuación de limpeza das vacas secas de dúas ganderías de leite galegas. Nas dúas granxas as vacas alóxanse nun curral con cama quente de palla, con encamado semanal. Pero, como se observa no gráfico, mentres as vacas secas da granxa 2 están bastante limpas, non sucede o mesmo na granxa 1. E a que se debe se o tipo de aloxamento e a frecuencia e cantidade de encamado son similares? A diferenza está en que a granxa 1 dispón da metade de espazo de cama por vaca que a granxa 2 (gráfica 2).

Os animais nunca se poderán deitar nunha superficie limpa se dispo-

Gráfica 1. Resultados de puntuación de limpeza nas vacas secas de dúas ganderías galegas



Gráfica 2. Metros cadrados de cama quente por vaca en dous currais de secas



ñen de poucos metros cadrados de cama quente por vaca. Ademais, esta sobrepoboación humedece zonas da cama onde as vacas evitan tombarse, o que pode reducir o seu tempo de descanso. No caso dos cubículos, a sobrepoboación non repercute tanto na hixiene, pero si que diminúe o tempo de descanso, incrementando os pro-

blemas de locomoción e o estrés dos animais. O estrés, especialmente o crónico, diminúe a capacidade de resposta do sistema inmune, o segundo compoñente para previr o risco de IMM por bacterias ambientais. ▶▶

SHUTOUT[®]



Una nueva barrera en la protección del pezón



SELLADO POR VACACIONES

TODAS
LAS VACAS

MERECEN UN
SELLADOR

¿Listos para el cambio?

Descárgate la ficha formativa
de Secado Selectivo



Salubre
SECADO SELECTIVO

 **MSD**
Animal Health

O inicio do período seco é un momento de estrés para a vaca de alta produción?

Non hai ningunha dúbida. Os primeiros días despois do secado non son nada fáciles, especialmente para as vacas que chegan con máis leite ao secado. A glándula mamaria continúa sintetizando e secretando leite, o que provoca un incremento da presión intramamaria causando dor e incomodidade. E, en consecuencia, as vacas, especialmente as primíparas, estarán a se levantar e deitar continuamente, o que reduce o seu tempo de descanso.

A isto súmase que, co cambio de lote, o animal se ten que adaptar a unha nova ración e a un novo grupo, co consecuente estrés social ante a nova xerarquía, especialmente nas vacas cun carácter menos dominante. Á súa vez, aínda que de forma transitoria, tamén sofren un pequeno estrés metabólico, incrementando a mobilización de ácidos graxos, debido á restrición enerxética da nova ración, e de cortisol, como consecuencia do estrés.

Entón, pódese facer algo para diminuir o estrés neste período?

Un animal tan rutineiro e de rabaño como unha vaca de leite sempre vai sufrir algo de estrés cos cambios. Con todo, existen algunhas estratexias, que buscan incrementar o benestar e facerlle o proceso menos amargo ao animal. Por exemplo:

- Diminuindo a produción de leite previo ao secado: aínda que este punto xera debate, a maior produción ao secado, o ubre soporta maior presión mamaria e incrementa a eliminación fecal de metabolitos do cortisol (marcador de estrés) nos primeiros días despois do secado.
- Proporcionando suficiente espazo de comedeiro (70 cm por vaca) e bebedoiro (10 cm lineais por vaca) para evitar competencia.
- Secando os animais en grupo, un día á semana, para evitar problemas diarios de nova xerarquía social.
- A vaca de leite sempre lle dá prioridade ao descanso. Por iso é polo que é tan importante facilitarlle, no último terzo de xestación, períodos de repouso máis prolongados, dispoñendo dunha cama profunda de material seco e solto. E proporcionando suficientes cubículos (100 % vs. vaca), de dimensións apropiadas, que permitan descansar a todas as vacas ao mesmo tempo.

Doutra banda, para evitar a sobrepoboación, **como podo calcular para cantas vacas necesito dimensionar o curral de secas?**

Non é sinxelo dimensionar correctamente estes currais de estancias relativamente curtas; principalmente, porque non é fácil axustar os días de permanencia das vacas, xa que o fluxo de saída non o decide o gandeiro senón o parto da vaca. A isto hai que engadir a estacionalidade de partos, xa que se se dimensiona o curral para a media anual, durante as épocas de máis partos o aloxamento quedará pequeno. Por iso, para calcular de forma sinxela pero axustada ás necesidades reais, incrementábase un 25 % respecto da media de vacas estimadas, en estancias maiores de 4 semanas, e un 40 %, en períodos menores de 3 semanas.

Móstrase como calculalo no seguinte exemplo:

Nun rabaño de 200 vacas (lactantes e secas), se a reprodución funciona ben, teremos entre un 6 e un 10 % máis de partos ao ano, é dicir, uns 220 partos. Se o dividimos entre 52 semanas, podemos estimar que teremos 4,2 vacas que paren por semana. Se repartimos o período seco en dous currais teremos:

- Cinco semanas en curral de secas (5 sem. x 4,2 vacas) → 21 vacas x 1,25 de estacionalidade → necesitaríamos sitio para 26 vacas.
- Tres semanas en parto (3 x 4,2) → 13 vacas x 1,4 de estacionalidade → precisámos espazo para 18 vacas.

CONCLUSIÓN

Para finalizar queremos compartir unha reflexión que escoitamos a un gandeiro: **“As vacas non son como as persoas; a unha persoa canto máis lle dás, máis che pide. En cambio, a vaca é tan xenerosa que, canto máis lle dás, máis che devolve”**.

O período seco é o comezo da seguinte lactación, na cal a saúde do ubre é clave para lograr a máxima produción. Así que, por favor, lembre esta frase e coide con agarimo as vacas secas. **Non hai como dar para recibir.**

Agardamos que nos siga lendo no próximo capítulo. ■

▶ O ESTRÉS, ESPECIALMENTE O CRÓNICO, DIMINÚE A CAPACIDADE DE RESPOSTA DO SISTEMA INMUNE, O SEGUNDO COMPOÑENTE PARA PREVER O RISCO DE INFECCIÓNS INTRAMAMARIAS POR BACTERIAS AMBIENTAIS

NOTA DOS AUTORES

Bibliografía a disposición de quen o solicite